

Ordena convenientemente estes 10 apartados para que o texto teña sentido e lóxica resultando unha nova sobre un roubo ocorrido no Incio.

- a) Estes, a pesar de que viven nas casas próximas, non se decataron de nada xa que estivo unha noite de invernía con forte vento e moita choiva.
- b) Con este, son xa sete os roubos de obxectos artísticos levados a cabo no interior de Galicia esta semana.
- c) Segundo fontes da Consellería de Cultura, detrás destas desaparicións podería estar unha mafia internacional que fornece de material cultural a certos millonarios chineses.
- d) ROUBO NO INCIO.
- e) Aconteceu que os ladróns desmontaron e levaron as vidreiras das paredes da igrexa, que representan as estacións do Vía Crucis, segundo nos informou o crego do Incio.
- f) O venres 13 produciuse un curioso roubo no Incio, preto de Samos.
- g) Sarria, Luís Cervela, correspondente.
- h) Ademais as investigacións apuntan a que deberon usar dous automóbiles para fuxiren pola estrada da Ferraría e logo perdéronse por pistas secundarias da serra do Caurel.
- i) Segundo o Cabo da Garda Civil do Incio tiveron que usar instrumental sofisticado para desmontar e acondicionar os vidros sen que se estragasen e perdesen valor.
- l) Tamén nos dixo que el ese día se atopaba realizando unhas xestións para mellorar a iluminación da igrexa románica do Hospital e foron os veciños quen o avisaron á mañá seguinte por teléfono.